



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: ría de Aldán e Costa da Vela. Municipio: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío. Extensión: 1,61 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa sedimentaria caracterizada pola presenza do complexo areoso da Castiñeira, formado por praia e cordón dunar, que acada gran desenvolvemento en todo a fronte costeira. Vertente de pendente suave na súa metade inferior e moderada nas ladeiras das serras litorais que pechan a unidade. A rede fluvial é pouco significativa, polo que tan só se debuxan pequenas valgadas no relevo; entre elas destaca, polas súas dimensións, o val máis oriental da unidade, que ten a cabeceira nos contrafortes do Facho de Hío.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

É clara a dominancia dos granitos de feldespato alcalino na unidade, sobre os que se depositaron, na franxa costeira, as areas que deron lugar á praia da Castiñeira, cun lixeiro desenvolvemento de depósitos coluvio-aluviais cara ao interior.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático cálido e húmido: temperatura media anual por riba de 15 °C, amplitude térmica media entre 12,5 °C e 13,5 °C, precipitacións do rango de 1200 mm a 1400 mm ao ano. A cabeceira do val, no alto do Outeiro das Hedras, acada os 1600 mm, polo que se pode incluír no ambiente cálido e moi húmido.

OS SOLOS

O complexo sedimentario da praia da Castiñeira ocupa practicamente toda a liña de costa da unidade, polo que acadan unha importante extensión os arenosoles álbicos e háplicos. Pola súa banda, na vertente apréciase a catena característica de solos dende o fondo da ladeira á cabeceira: os máis profundos e fértiles na parte inferior, do tipo cambisol eútrico, mentres que a medida que a pendente se fai máis pronunciada acadan menos espesor e a súa evolución diminúe, para dar paso a regosoles e, finalmente, leptosoles líticos na alifación montañoso do Facho de Hío e do Outeiro das Hedras.


AS AUGAS

O elemento hidrográfico máis destacado desta unidade é a praia da Castiñeira, en augas costeiras da punta do Couso (20155). A través da súa planicie costeira canalízanse as augas de escorrentía dos relevos circundantes, entre as que destaca o arroio que nace no Outeiro das Hedras.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Medio mariño das Rías Baixas. Unidade sedimentaria con praia e dunas de Castiñeira, onde se desenvolven os hábitats dunares do grupo 21 (dunas marítimas atlánticas). Tras o complexo sedimentario, as vertentes baixas son as que poden proporcionar arboredo de interese, unha vez que as partes altas están dominadas polas repoboacións forestais. Iso si, existen algunhas elevacións no sur da unidade, entre o Outeiro das Hedras e o Outeiro da Vela, que presentan afloramentos de rocha, polo que se desenvolven ambientes do grupo 82 de hábitats (pendentes rochosas con vexetación camofítica). Entre elas, algúns sectores de breixeiras secas europeas (4030). Como se dixo, son as vertentes baixas as que posúen os maiores valores ecolóxicos. Así, aparece unha interesante masa ripícola (91E0) tras a praia e as dunas, e algunhas pequenas agrupacións de recolonización, en estado mixto, nas zonas de cultivos das diferentes aldeas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O complexo areoso que ocupa toda a fachada litoral da unidade, composto pola praia da Castiñeira e o seu cordón dunar, dota o ámbito de gran valor ecolóxico e turístico. Nas cotas baixas, interrómese unha interesante vexetación ripícola para albergar usos residenciais e turísticos, masas forestais de recolonización ou as parcelas de cultivo vinculadas ao núcleo tradicional de Vilanova, que se atopa a media ladeira sobre a estrada e se estende ata o pé das serras que encerran a unidade. As ladeiras destas serras están cubertas por unha masa homoxénea de árbores de repoboación, sobre todo piñeiros e eucaliptos.

MORFOLOXÍA

O núcleo de Vilanova, de orixe agrícola e tipoloxía tradicional (cunha estrutura de agrupacións múltiples), experimentou un forte crecemento, tanto polo prolongamento ao longo da estrada EP-1008 como pola ocupación de parcelas agrícolas con novas edificacións de tipo residencial-turístico, que incorporaron novas tipoloxías de edificación que foron borrando a orixinal predominante e xeraron unha forte dispersión construtiva. A franxa limitrofe co areal da Castiñeira está parcialmente ocupada por usos turísticos vinculados ao sector servizos (restaurantes, postos de bebidas ou aparcadoiros).

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación desta unidade é a EP-1008, que a atravesada dende o leste en dirección noroeste, e de cuxas marxes parten numerosas vías locais que dan acceso ás vivendas existentes. Un eixe secundario, que transcorre paralelo ao arroio existente na unidade, conduce de Vilanova á praia da Castiñeira.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade existen restos que proban a existencia pretérita de antigos asentamentos como o de Castrelín, do que falan, entre outros, o sarcófago atopado en Laxe do Prado ou varias pezas localizadas no illote de Castiñeira. A capela de San Lourenzo e o cruceiro da mesma compoñen o patrimonio etnográfico.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade descansa sobre unha ladeira de suaves pendentes que descende ata o complexo areoso da praia da Castiñeira, de grande interese dende o punto de vista turístico e natural, onde desemboca un leito que conecta o interior co mar e as actividades marítimo-pesqueiras cos usos agrícolas do núcleo de Vilanova. Actualmente, este carácter estase a transformar como consecuencia da aparición de novos usos derivados das súas boas condicións climáticas e turísticas e do retroceso dos tradicionais.

DINÁMICA DA PAISAXE

A contorna da unidade sufriu bastantes transformacións co paso do tempo. Estes cambios débense, sobre todo, ao crecemento urbanístico vinculado ao turismo. Parece evidente o abandono das actividades tradicionais como consecuencia da urbanización do conxunto da unidade. O crecemento da periferia do núcleo de Vilanova foi desordenado: desenvolvéronse vivendas residenciais que non seguen o modelo territorial do núcleo primixenio e que xeraron unha periferia de escasa coherencia paisaxística, sobre todo na fachada costeira, onde se propagaron usos asociados ao sector turístico. Tamén se evidencia un aumento das masas forestais nas ladeiras dos montes que encerran a unidade (Outeiro das Hedras e Facho de Hío).


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O elemento fundamental e integrador desta paisaxe constitúeo o sistema areoso composto pola praia da Castiñeira e o seu cordón dunar, que permite conexións visuais entre a costa e o fondo escénico montañoso. As vertentes baixas, tras o complexo sedimentario, son as que posúen maiores valores ecolóxicos, con bosques de recolonización e ripícolas asociados ao arroio que divide a unidade. Dende calquera punto da fachada costeira, e especialmente dende a praia de Area Brava, pódense obter unhas magníficas vistas da ría de Aldán e da marxe oposta, así como tamén de cabo Udra. Un bo punto de observación da unidade é dende o Alto da Cruz.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



